	CAAB3.3.2.	Enumera algunhas liñas de I+D+i actuais para as industrias químicas, farmacéuticas, alimentarias e enerxéticas.
	CAAB3.4.1.	Recoñece a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.
TRABALLOS	CAAB2.11.1.	Aplica, xunto cos/coas compañeiros/as, medidas de control da utilización dos recursos, e implica niso o propio docente.
	CAAB2.12.1.	Formula estratexias de sustentabilidade no contorno do centro docente.
	CAAB4.1.1.	Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.
	CAAB4.2.1.	Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.
	CAAB4.3.1.	Utiliza fontes de información apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
	CAAB4.4.1.	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.
	CAAB4.5.1.	Deseña pequenos traballos de investigación sobre un tema de interese científico-tecnolóxico ou relativo a animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humanas, para a súa presentación e defensa na aula.
	CAAB4.5.2.	Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.

5. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDO

Materia	Bloque	Obx	Contidos	Traballo de clase
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas	a,b,f	B1.1. Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.	Instalacións do laboratorio de ciencias escolar: Obxectivo, coñecer as instalacións dun laboratorio de ciencias escolar e verificar que cumpre coas normas necesarias para traballar Recoñecemento do mobiliario básico. Actividade de laboratorio: Realización dunha lista dos materiais que hai no laboratorio, clasificalos (vidro, porcelana, plástico, ...) e indicar para que serve cada un deles.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas	a,b,f,m	B1.1. Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.	Coñecer os distintos tipos de laboratorios. A etiqueta dos produtos químico: nome, fórmula e peso molecular. Identificación de perigos principais, frases de risco e seguridade, responsable da comercialización. Proxecto de investigación: O transporte de produtos químicos perigosos por carretera. Distintas formas de experimentar.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas	e,f,g,h	B1.2. Aplicación do método científico aos traballos de laboratorio. B1.3. Utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación para o traballo experimental do laboratorio.	Aplicación do método científico: Deseño dun experimento para a realización dunha disolución
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas	e,f	B1.4. Técnicas de experimentación en física, química, bioloxía e xeoloxía.	Medida da masa, o peso e a densidade. Aplicar factores de conversión para utilizar o sistema internacional de unidades.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas	e,f,g	B1.4. Técnicas de experimentación en física, química, bioloxía e xeoloxía.	

ESO				<p>Exercicios para recoñecer os compostos orgánicos de maior interese biolóxico.</p> <p>Exercicios para distinguir os distintos nutrientes dos alimentos.</p> <p>Exercicios de aplicación da pirámide de alimentación.</p> <p>Traballo colectivo sobre as distintas técnicas de conservación dos alimentos.</p> <p>Uso das TICs para buscar información sobre a aplicación da ciencia no campo da alimentación e da nutrición e das actividades laborais relacionadas coa saúde.</p> <p>Prácticas de laboratorio: Identificación e diferenciación de biomoléculas e bioelementos en distintos alimentos.</p> <p>Coñecemento e manexo do microscopio óptico.</p>
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas	e,f,g	B1.1. Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene.	Observación de imaxes e detectar as normas de seguridade que se incumpren en cada unha delas
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas	e,f,g	B1.1. Organización do laboratorio: materiais e normas de seguridade e hixiene. B1.5. Técnicas e procedementos de desinfección de materiais en distintos sectores.	Coñecer o contido do botiquín de primeiros auxilios. Enumerar as accións para realizar en caso de queimaduras térmicas ou químicas, salpicaduras en ollos e pel, inhalación de produtos químicos, etc.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas	e,f,g	B1.5. Técnicas e procedementos de desinfección de materiais en distintos sectores.	Estudo sobre a limpeza do material de laboratorio polos distintos métodos de tratamento. Exercicios de os distintos procedementos de limpeza (en seco e húmido): descontaminación (desinfección e esterilización), descontaminación química. Protocolo de lavados mans. Elaborar unha lista de riscos relacionados coa actividade laboral.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas	e,f,,o	B1.6. Análise da aplicación da ciencia en campos profesionais directamente relacionadas con Galicia.	Estudo sobre industrias alimentarias de Galicia
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	f,g	B2.1. Contaminación: concepto e tipos.	Traballo en equipo, mediante o uso das TICs, sobre os efectos que ocasiona a acumulación progresiva de residuos na auga, aire e chan, a degradación dos espazos naturais e problemas sanitarios.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	f,g,h,m	B2.2. Contaminación atmosférica: orixe, tipos e efectos.	Estudo sobre os principais contaminantes atmosféricos e os seus efectos (efecto invernadoiro, choiva ácida, destrución da capa de ozono, contaminación urbana, ...)
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	f,g,m	B2.3. Contaminación do solo.	Exercicios de comprensión da salinización e desertización do solo. Detección dos problemas que acarreen o uso de fertilizantes e pesticidas. Buscar as técnicas actuais utilizadas na depuración de solos.

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	e,f,g,h,r	B2.4. Contaminación da auga. B2.5. Calidade da auga: técnicas de tratamento e depuración.	Explicar en que consiste a autodepuración da auga. Facer unha lista dos axentes contaminantes da auga. Enumerar os tratamentos de depuración das augas residuais que levan a estacións de tratamento. Realizar un esquema sobre o funcionamento dunha potabilizadora e unha depuradora de auga. Práctica de laboratorio: análise dun auga.
--	--	-----------	--	---

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	e,f,g,h,m	B2.6. Contaminación nuclear. B2.7. Análise sobre o uso da enerxía nuclear. B2.8. Xestión dos residuos.	Exercicios de clasificación de fontes radioactivas naturais e artificiais. Facer unha lista de residuos radioactivos distinguindo os de baixa, media e alta radioactividade. Localización dos lugares de almacenamento de residuos de baixa actividade en España e os de alta actividade, no mundo. Buscar en internet algúns dos últimos accidentes nucleares de maior gravidade no mundo e facer unha análise das súas consecuencias.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	e,f,g,h,m	B2.6. Contaminación nuclear. B2.7. Análise sobre o uso da enerxía nuclear. B2.8. Xestión dos residuos.	Valorar as vantaxes e inconvenientes da enerxía nuclear, facer unha reflexión se é máis ou menos contaminante ca outras centrais eléctricas, se ocupa máis ou menos espazo, maior ou menor impacto, etc. Proxecto de investigación. Grandes catástrofes nucleares
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	e,f,h,m	B2.8. Xestión dos residuos.	Residuos sólidos urbanos: os lixos. Investigar o lixo que se xera en cada casa. Completar unha táboa onde clasificar por tipo e destino os distintos residuos.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	a,e,h,m	B2.8. Xestión dos residuos.	A regra das tres erres en xestión de residuos. Localización dos puntos limpos
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	e,f	B2.9. Normas básicas e experimentais sobre química ambiental.	Actividade para destacar a festividade do Día Mundial do Medio. Elaborar lista de accións para a protección do medioambiente para xeracións futuras.

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	b,e,f,h, m,	B2.10. Xestión do planeta e desenvolvemento sustentable.	Exercicio onde se clasifiquen os recursos segundo a súa natureza. Campaña de sensibilización para o aforro de enerxía. Enquisa sobre accións habituais que axudarían ao desenvolvemento sostible
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	a,b,d,e ,g,m,o, p	B2.11. Importancia das campañas de sensibilización sobre o ambiente. Aplicación no contorno máis próximo.	Expoñer exemplos sobre sobreexplotación dos recursos naturais. Traballo sobre o cálculo da pegada ecolóxica facilitando as ligazóns da internet que acheguen información para o seu cálculo.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación ambiental	a,b,e,g ,h,m,o, p	B2.11. Importancia das campañas de sensibilización sobre o ambiente. Aplicación no contorno máis próximo.	Traballo informativo sobre a axenda 21 en referencia á posta en práctica dun desenvolvemento sustentable. Elaborar unha axenda 22 para o centro.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque3. Investigación, desenvolvemento e innovación	a,e,f,g	B3.1. Concepto de Investigación, desenvolvemento e innovación, e etapas do ciclo I+D+i.	¿Cando se definiu de forma definitiva o concepto de desenvolvemento sustentable?, ¿menciona a pobreza? Explicación dos obxectivos fundamentais dos protocolos de Montreal e K ¿Que se tratou no Cume da Terra celebrada en Río de Janeiro en 1992? ¿Cal foi o acuerfdo principal da Convención de París en 2015?
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque3. Investigación, desenvolvemento e innovación	b,e,g,o	B3.2. Tipos de innovación. Importancia para a sociedade. B3.3. Papel das administracións e dos organismos estatais e autonómicos no fomento da I+D+i.	Buscar as distintas categorías establecidas en España que inclúe no catálogo de especies ameazadas
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque3. Investigación, desenvolvemento e innovación	b,e,f,g, o	B3.2. Tipos de innovación. Importancia para a sociedade. B3.4. Principias liñas de I+D+i actuais para o sector industrial.	Investigación sobre a innovación en materiais recentes máis relevantes e innovación en procesos industriais- Lectura sobre enerxías renovables. Preguntas sobre a lectura
				destacando vantaxes e inconvenientes de cada unha, cobertura, capacidade, impacto ambiental, Análise crítica se o uso das enerxías renovables resolvería o problema ambiental.
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque3. Investigación, desenvolvemento e innovación	b,e,f,g	B3.5. Utilización de ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.	Traballo de investigación: Procura na internet sobre a contribución española actividades relacionadas con I+D+i
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 4. Proxecto de investigación	b,c,e,f, g,	B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación.	Aplicación do método científico ao proxecto de investigación: Introdución Procura de información Enunciado de hipótese
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 4. Proxecto de investigación	b,e,f,g, h	B4.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou a observación.	Deseño do experimento Material necesario: Procedemento

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 4. Proxecto de investigación	b,e,f,h, p	B4.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.	Resultados Discusión da resultados Elaboración dun informe
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 4. Proxecto de investigación	a,b,c,d ,g	B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	
Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO	Bloque 4. Proxecto de investigación	a,b,d,e ,g,h,p	B4.3. Proxecto de investigación: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	

6. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E DE CUALIFICACIÓN

As cualificacións do boletín de cada avaliación obteranse por ponderación das notas dos Estándares de Aprendizaxe, as cales serán a súa vez obtidas mediante os Procedementos e Instrumentos De Avaliación sinalados na columna correspondente. Cada cualificación está asociada a algún tipo de constancia documental (Proba escrita, Rúbrica, Escala de apreciación), que é custodiada polos profesores correspondentes.

A nota de cada avaliación será a nota media entre a nota dos traballos de clase e a das probas escritas.

O Traballo de clase debe entenderse nas súas diversas manifestacións, como son os boletíns de exercicios, traballos de investigación, recopilación e organización de información, individuais ou compartidos en gran grupo e presentacións orais virtuais, centrándonos e dando máis valor ás producións do alumnado, ao intercambio dixital con eles e á autoavaliación e coavaliación.

A realización das probas escritas e a entrega de traballos nas datas sinaladas polo profesor será de obrigado cumprimento para a superación da materia (a excepción de hospitalización ou requirimento xudicial por parte do alumno/a).

Os referentes avaliados por proba escrita terán un peso do 50% da nota.

Os referentes avaliados a través do traballo de clase, recollidos na columna de Procedementos e Instrumentos de avaliación (boletíns de exercicios, traballos de investigación, recopilación e organización de información, individuais ou compartidos en gran grupo ou as exposicións ante a clase dos traballos realizados) terán un peso do 50% da nota.

No boletín de cada avaliación, para aprobar será necesario obter, como resultado da aplicación dos instrumentos de avaliación, unha nota igual a 5 ou superior.

O proceso de recuperación dos referentes non superados, entre a 3ª avaliación e a convocatoria final, estará integrado pola realización dunha proba escrita obxectiva que suporá o 50% e a realización dunha tarefa de investigación que suporá o 50%. A rúbrica para a avaliación desta tarefa atópase recollida na programación didáctica.

A cualificación no boletín de final de curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións obtidas tras aplicar os criterios de cualificación ou, de ser o caso, os de recuperación.

O alumnado que teña superada toda a materia na 3ª avaliación poderá realizar actividades de ampliación para incrementar un 10 % como máximo a súa nota final

7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Esta materia contribúe a alcanzar as competencias para a aprendizaxe permanente e contén a formación para que o alumno sexa consciente tanto da súa propia persoa como do medio que lle rodea e os contidos desta materia contribúen a afianzar e aplicar hábitos saudables en todos os aspectos da súa vida cotiá. Igualmente fórmaseselles para que utilicen unha linguaxe adecuada na resolución de problemas de distinta índole, aplicados a calquera situación, xa sexa na súa vida cotiá como na súa vida laboral.

A estratexia de aprendizaxe para o ensino desta materia enfócase aos conceptos principais e principios das ciencias experimentais, involucrando aos estudantes na solución de problemas e outras tarefas significativas, e permítalles traballar de maneira autónoma para construír a súa propia aprendizaxe e culminar en resultados reais xerados por eles mesmos.

O tratamento da materia debe ser eminentemente práctico, así como reforzar e valorar en gran medida o traballo en equipo e a exposición oral e defensa dos resultados obtidos nos traballos realizados. Doutra banda, débese impulsar a utilización das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC), de forma individual ou en grupo, tanto como ferramenta de traballo para a

exposición de resultados e traballos de indagación, para a profundización e ampliación da información, como para o correcto manexo de programas de experimentación asistidos por computador (LAO).

A metodoloxía a seguir será de carácter activo e participativo, de tal xeito que o alumnado sexa o auténtico protagonista da súa aprendizaxe. Esta actividade debe entenderse dende unha óptica de **aprendizaxe significativa**, buscando que o alumnado relacione os novos coñecementos coa súa estrutura mental previa, permitindo conexións e modificacións da devandita estrutura.

Identificar os **coñecementos iniciais** dos alumnos axuda a atender a diversidade da aula xa que ao existir alumnos con distintos intereses, ritmos de aprendizaxe e coñecementos previos, pódese realizar unha primeira adaptación metodolóxica adecuando a planificación ao grupo de alumnos para facilitar o seu aprendizaxe.

Por outra parte, unha das condicións imprescindibles para que se produza aprendizaxe significativo é a **motivación** do alumnado e, para iso, é necesario mostrar aos alumnos a **aplicabilidade** do aprendido, intentando propoñer sempre que sexa posible actividades e problemas relacionados con situacións cotiáns do entorno do alumnado. Ademais, é importante conectar os contidos da materia cos de outras materias xa que axuda a entender a súa transcendencia e utilidade.

É fundamental acadar o equilibrio necesario entre a aprendizaxe de conceptos, procedementos e actitudes, así, as experiencias **prácticas no laboratorio**, esenciais nesta materia, están enfocadas a axudar a comprender os fenómenos estudados e a desenvolver as competencias.

A secuencia metodolóxica que para traballar os contidos de cada unidade didáctica consiste en presentar a unidade a través dunha actividade de introdución para detectar os coñecementos iniciais e, a continuación, ir intercalando explicacións teóricas, nas que se utilizará principalmente o método interrogativo, con actividades de tipoloxía variada e de complexidade crecente xunto coas prácticas de laboratorio. As actividades serán, polo tanto, o punto de partida e o desenvolvemento do propio aprendizaxe e será, a través delas, como os alumnos adquiren novos coñecementos, destrezas e actitudes que lles levarán a alcanzar os obxectivos previstos.

8. MATERIAIS E RECURSOS

- **Material permanente de traballo:**, pantalla dixital, computador.
- **Material informativo:** Libros de texto, libros da biblioteca do centro e dixitais, tanto de lectura científica como de consulta (dicionarios, enciclopedias, revistas, páxinas web)
- **Material ilustrativo audiovisual:**, pósters, vídeos, audios, etc.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender as diferenzas entre o alumnado desta área contéplanse tres tipos de medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais:

1. Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de reforzo para os alumnos que teñan grandes dificultades para acadar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.
2. Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de ampliación para os alumnos que manifesten unha grande capacidade na aprendizaxe dos estándares.
3. Adaptación das metodoloxías de ensino-aprendizaxe en forma de traballo colaborativo entre alumnado con grao heteroxéneo de desenvolvemento de capacidades de modo que os máis avanzados tutelen aos que precisan algún tipo de reforzo.

Cando as medidas ordinarias se manifesten insuficientes, poderán tomarse, a iniciativa do Departamento de Orientación, medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- ACI ou reforzo educativo co docente de Pedagogía Terapéutica.
- Agrupamentos específicos.
- Tutorías de estudo.

10. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Cada tema transversal ocupa un lugar na educación e no desenvolvemento persoal dos alumnos e alumnas, de aí a importancia de telos presentes, polo seu carácter interdisciplinar e globalizador.

Na área de ciencias son varios os temas transversais que se tratan :

- Educación ambiental

Análise do impacto da ciencia no medio ambiente, con especial atención á elección de proxectos, materiais, etc. que equilibren beneficios e custes en termos de impacto ambiental.

- Educación para a paz

Análise da influencia da tecnoloxía no mundo actual, na sociedade e na forma de vida dependendo da utilización que o ser humano faga dos produtos tecnolóxicos. Debates en determinados temas sobre fenómenos sociais como a carreira armamentística, a diferenza entre países desenvolvidos e non desenvolvidos ou a influencia da televisión ou os videoxogos nas conductas violentas.

- Educación do consumidor e usuario

Análise sobre a necesidade dos produtos e servizos da tecnoloxía, diferenciando entre necesidades reais e necesidades creadas pola sociedade de consumo e equilibrando o progreso e a moderación no consumo.

- Educación para a igualdade

Toma de conciencia dos alumnos e alumnas fronte o reparto desigual das tarefas segundo os sexos. Formación de grupos de traballo preferentemente mixtos nos que as alumnas se sintan integradas no ámbito da tecnoloxía, tanto na aula como na sociedade, e realicen as mesmas tarefas que os alumnos aínda que tradicionalmente se consideren traballos de rapaces.

- Educación para a saúde

Toma de conciencia sobre a necesidade do seguimento de certas normas de seguridade e hixiene no taller e do coñecemento da forma de utilización das ferramentas como xeito de minimizar a posibilidade de accidentes de traballo. Análise da importancia da limpeza e orde no posto de traballo.

- Educación moral e cívica

Ensinanza dunha serie de valores, actitudes e normas tales como o espírito de diálogo, a obxectividade, a curiosidade por saber, o respecto, a actitude de axuda os demais, o traballo en equipo, a defensa dos dereitos humanos, etc.

11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

A realización destas actividades está suxeita á oferta anual por parte de entidades privadas e públicas. A medida que vaian xurdindo oportunidades interesantes, valorarase a pertinencia de realizar máis actividades. A continuación ofrécese unha lista que recolle o estilo xeral das actividades deste departamento:

- ✓ Galicia.

Temas de estudo: Talleres, conferencias e visita ás salas de exposicións de proxectos

- ✓ Proxecto praias do Salnés. Saída a unha praia para realización dun traballo de recollida de datos, información e seguimento.

Tema de estudo: Ecosistemas.

- ✓ Visita a tramos fluviais do río Umia. Itinerarios pola ferverza do Barosa, por Pontearnelas, e

pola desembocadura do río.
 Tema de estudo: Modelaxe fluvial.

12. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.

- Periodicidade. Revisarase en coincidencia con cada avaliación trimestral.
- Revisión. Para facela será de utilidade encher a táboa de indicadores
- Reaxuste da temporización. Indagarase o motivo dos posibles desaxustes entre as temporizacións prevista e real e tomaranse medidas para corrixilos.
- Reaxuste doutros parámetros. Revisaranse, en relación cos obxectivos de etapa, a metodoloxía e os recursos didácticos utilizados e faranse os cambios que se estimen necesarios.

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				